



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (07/2025) ANONIMIZADA

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e dezaseis minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 20 de febreiro de 2025
2. Aprobación da relación de facturas núm. 006XOK/2025
3. Aprobación expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2025 (RF núm. 005XREC3SUF/2025)
4. Aprobación da liquidación do programa Xantar na Casa correspondente ao cuarto trimestre de 2024
5. Licencias de obras

#### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 20 de febreiro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

#### 2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 006XOK/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención favorable e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto, núm. 2025/T003/000003:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 06XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	06XOK/2025
Importe total	34.895,41€
Número de facturas e gastos que contén	3
Número do Rexistro de Facturas da primeira factura	F/2025/211
Número do Rexistro de Facturas da última factura	F/2025/410

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

### **3. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2025 (RF NÚM. 005XREC3SUF/2025)**

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre os seus informes de Secretaría e de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto, núm. 2025/X999/000010:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 005XRE3SUF/2025, que deseguido se describe na parte dispositiva, ás que se refire o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 3-2025, así como os informes de Secretaría e de Intervención que figuran nel e que, como a citada relación, constan asinados no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refiren os gastos a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refiren foron realizados de conformidade e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que os xustifica de maneira motivada en todos os casos, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

para facerlles fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facerlle fronte a obriga de pagamento, nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa e que, polo tanto, concorren razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería causar para o terceiro que actúa de boa fe, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento, aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 3-2025 e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos realizados no exercicio anterior e liquidar as cantidades a satisfacer derivadas das prestacións que se inclúen na relación de facturas que consta no devandito expediente e que se integran no anexo que se reflicte deseguido, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, gastos aos que se presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos ditos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Relación de facturas 005XRE3SUF/2025, cun importe de 32.814,52€, integrada por 267 facturas, desde a factura n.º Emit-29, de data 02/01/2025, de Maderas Silvar S.L., por importe de 26,83€, ata a factura n.º FE24321489658156, de data 03/12/2024, de Gas Natural Servicios SDG, S.A., por importe de 215,09€.

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

#### **4. APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2024**

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre o requirimento recibido coa liquidación do servizo do período indicado, sobre a documentación que o acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello, sobre o informe de intervención e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2024/S001/000021:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Logo de examinar a liquidación da achega económica municipal do servizo Xantar na Casa, correspondente ao cuarto trimestre de 2024, e os xustificantes dos gastos e demais documentación xustificativa presentada pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como o informe da Traballadora Social do Concello, Patricia Martínez Lago, que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, sen obxeccións sobre o servizo prestado, e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que están realizadas e en beneficio da veciñanza e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á liquidación do servizo Xantar na Casa, núm. 1089, de data 14 de febreiro de 2025, por importe de 2.608,32€, correspondente a 1.494 xantares subministrados a persoas usuarias do servizo deste Concello do cuarto trimestre de 2024 e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao dito gasto e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria 2025.231.45000

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

### 5. LICENCIAS DE OBRAS

**5.1.-** O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

##### CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000009, que se describe a continuación cos seguintes datos:

**Expediente municipal (TEDEC) número:** 2024/U022/000009

**Datos do interesado/a:** BGP

**Número e data de entrada no Rexistro Municipal:** nº 202499900000438 de rexistro de entrada de data 26/09/2024 e nova documentación de rexistro de entrada nº202499900000489 de data 24/10/2024

**Lugar de realización:** Calvela. Parroquia de Val Xestoso. Concello de Monfero. A Coruña.

**Referencia catastral rústica/urbana:** Parcela 15051A092003440000LP

**Descrición técnica das obras:** “REHABILITACIÓN DE LAVADOIRO EN LUGAR DE A CALVELA segundo PROYECTO REHABILITACIÓN DE LAVADERO EN LUGAR DE A CALVELA (MONFERO)”

**Autor do proxecto:** BGP, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1865

**Orzamento de execución material:** 9.344,23 €.

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Lugar de realización: Lugar de A Calvela, Val Xestoso. Monfero. (A Coruña).

Referencias catastral rústica: 15051A092003440000LP. Polígono 92 Parcela 344

Segundo o consultado na sede electrónica de catastro, trátase dunha parcela de 64.902m<sup>2</sup> onde non figura ningunha edificación, aínda que ao abeiro da documentación fotográfica achegada e documentación do anteproxecto, ten carácter tradicional ao abeiro da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e indubidablemente a súa construción orixinal é anterior a 1975.

Considerando que:

1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste na rehabilitación do Lavadero da Calvela (lavadoiro tradicional) para devolver o seu uso orixinal.

2.- Están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

3.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta a construción é a de solo rústico de protección ordinaria ao carecer o Concello de planeamento municipal e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de Solo Rústico de Protección Ordinaria

4.- A actuación para a que se solicita licencia pódese levar a cabo por estar amparada polo artigo 90 da Lei do Solo de Galicia:

### *Artigo 90 Edificios fóra de ordenación*

*1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do plan urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.*

*Nestes edificios, construcións e instalacións poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, mesmo se se trata de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e só poderán realizarse neles obras de conservación e as necesarias para o mantemento do devandito uso preexistente.*

*O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de cambio de uso a calquera dos usos permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística que resulte de aplicación, sen máis obras que as mínimas e imprescindibles.*

*En ambos os casos, os propietarios deberán renunciar ao incremento do valor expropiatorio, sen que tal renuncia afecte as obras que sexa obrigatorio realizar para manter o inmovible en adecuadas condicións de conservación, #de acordo con o correspondente informe de avaliación do edificio, cando este sexa obrigatorio, segundo a normativa vixente.*

*O réxime previsto neste número será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en chan urbano non consolidado, en áreas de chan de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no chan urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos devanditos ámbitos.*

*2. O plan urbanístico determinará o réxime a que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no apartado anterior, podendo realizarse, como mínimo, as obras sinaladas no apartado anterior.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

*Nas edificacións, construcións e instalacións no solo rústico que se atopen na situación descrita no parágrafo anterior, poderá manterse o uso preexistente, aínda que se trate de usos non axustados á normativa urbanística vixente; tamén se admitirán os cambios de uso, sempre que se trate dun uso permitido nesta clase de solo. En ambos os casos, previo título habilitante de natureza urbanística e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, admitiranse as obras de conservación, mantemento, reforma e rehabilitación, sen que, en ningún caso, poida ampliarse a edificación.*

Consta no expediente comunicación do interesado renunciando ao valor expropiatorio

5.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

6.- Que examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, non se describen afeccións de carácter supra municipal sobre a edificación.

Así mesmo, segundo o documento de aprobación inicial do PXOM de Monfero, as obras non afectan á área de afección de ningún ben patrimonial catalogado no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar, nin que se atope na área de afección do ben catalogado na aprobación inicial do Concello de Monfero, pero si a un elemento (lavadoiro), susceptible de ser declarado Ben de interese cultural.

7.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

8.- Consta no expediente un informe técnico favorable, de data 24/02/2025 e informe xurídico. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

**1.-** Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A BGP, para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROYECTO REHABILITACIÓN DE LAVADERO EN LUGAR DE A CALVELA (MONFERO) no lugar de Calvela, parroquia de Val Xestoso deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D. BGP, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1865, cun orzamento de execución material de: 9.344,23 €.

**2.-** Condicionar a concesión da citada licenza urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

### CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- 2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa
- 3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a – b – e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:  

a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.
- 4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.
- 5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
- 6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.
- 7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- 8) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.
- 9) Durante a construción das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse o Real Decreto 105/2008 do 1 de Febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e deberá contar con coordinador de seguridade e saúde das mesmas.
- 10) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

12) As obras deberán respectar e cumprir tódalas condicións, xerais ou particulares indicadas nos informes sectoriais que puideran obrar no expediente de tramitación.

13) Deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

14) As actuacións de conservación ou restauración de lavadoiros declarados de interese cultural ou catalogados e susceptibles de ser de interese patrimonial realizaranse utilizando os materiais e técnicas construtivas tradicionais que correspondan a cada tipoloxía. Nestas intervencións o tratamento e a utilización de material non tradicional deberá ser autorizado pola Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

**3.-** Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

<u>BASE IMPOÑIBLE</u>	<u>TIPO GRAVAME</u>	<u>COTA</u>
9.344,23 €	2,3%	214,92 €

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

**5.2.-** O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

#### CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000010, que se describe a continuación cos seguintes datos:

**Expediente municipal (TEDEC) número:** 2024/U022/000010

**Datos do interesado/a:** SGP

**Número e data de entrada no Rexistro Municipal:** nº 202499900000439 de rexistro de entrada de data 26/09/2024 e nova documentación de rexistro de entrada nº202499900000493 de data 28/10/2024

**Lugar de realización:** A Ribeira. Parroquia de San Fiz. Concello de Monfero. A Coruña.

**Referencia catastral rústica/urbana:** Parcela 15051A008006710000LL

**Descrición técnica das obras:** “REHABILITACIÓN DE PALLAR EN LUGAR DE A RIBEIRA segundo PROYECTO REHABILITACIÓN DE PALLAR EN LUGAR DE A RIBEIRA (MONFERO)”

**Autor do proxecto:** BGP, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1865

**Orzamento de execución material:** 11.904,46 €.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

Lugar de realización: Lugar de A Ribeira, San Fiz. Monfero. (A Coruña).

Referencias catastral rústica: 15051A008006710000LL. Polígono 8 Parcela 671

Segundo o consultado na sede electrónica de catastro, trátase dunha parcela de 0.2633 hectáreas na existe unha edificación de carácter tradicional ao abeiro da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, anterior a 1975. Ao abeiro dos datos consultados na Sede electrónica de Catastro indican antigüidade da construción de 1920

### Considerando que:

- 1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste na rehabilitación de edificio destinado a pallar para devolver o seu uso orixinal
- 2.- Están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.
- 3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.
- 4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección de espazos naturais xa que se está dentro do perímetro do Parque Natural das Fragas do Eume., e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de: Solo Rústico especialmente Protexido de Protección de espazos naturais e Solo Rústico especialmente protexido de protección das Augas.
- 5.- A actuación para a que se solicita licencia pódese levar a cabo por estar amparada polo artigo 90 da Lei do Solo de Galicia:

#### *Artigo 90 Edificios fóra de ordenación*

*1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do plan urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.*

*Nestes edificios, construcións e instalacións poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, mesmo se se trata de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e só poderán realizarse neles obras de conservación e as necesarias para o mantemento do devandito uso preexistente.*

*O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de cambio de uso a calquera dos usos permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística que resulte de aplicación, sen máis obras que as mínimas e imprescindibles.*

*En ambos os casos, os propietarios deberán renunciar ao incremento do valor expropiatorio, sen que tal renuncia afecte as obras que sexa obrigatorio realizar para manter o inmovble en adecuadas condicións de conservación, #de acordo con o correspondente informe de avaliación do edificio, cando este sexa obrigatorio, segundo a normativa vixente.*

*2. O plan urbanístico determinará o réxime a que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no apartado anterior, podendo realizarse, como mínimo, as obras sinaladas no apartado anterior.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nas edificacións, construcións e instalacións no chan rústico que se atopen na situación descrita no parágrafo anterior, poderá manterse o uso preexistente, aínda que se trate de usos non axustados á normativa urbanística vixente; tamén se admitirán os cambios de uso, sempre que se trate dun uso permitido nesta clase de chan. En ambos os casos, previo título habilitante de natureza urbanística e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, admitiranse as obras de conservación, mantemento, reforma e rehabilitación, sen que, en ningún caso, poida ampliarse a edificación.

Consta no expediente comunicación do interesado renunciando ao valor expropiatorio.

6.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016.do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

7.- Que examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, compróbase que, se atopa dentro da área da delimitación de espazos naturais protexidos, Parque Natural das Fragas do Eume, e, así mesmo, na área de afección de policía de cauces dun rego de augas.

Consta declaración responsable de realización de obras menores que non impliquen cambio de tipoloxía forma o volume perante o Organismo competente en materia de Augas de Galicia

Así mesmo, segundo o documento de aprobación inicial do PXOM de Monfero, as obras non afectan á área de afección de ningún ben patrimonial catalogado no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar, nin que se atopan na área de afección do ben catalogado na aprobación inicial do Concello de Monfero, pero si afectan a un ben do patrimonio cultural de Galicia (pallar).

Consta, así mesmo, RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA EXPEDIENTE: 1573/24, de 17/06/2024, autorizando as obras solicitadas.

8.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

9.- Constan no expediente informe técnico favorable e informe xurídico. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

**1.-** Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A SGP, para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROYECTO REHABILITACIÓN DE PALLAR EN LUGAR DE A RIBEIRA (MONFERO) no lugar de A Ribeira, parroquia de San Fiz deste termo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por BGP, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1865, cun orzamento de execución material de: 11.904,46 €.

**2.-** Condicionar a concesión da citada licenza urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

### CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a – b – e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:

a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 8) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.
- 9) Durante a construción das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse o Real Decreto 105/2008 do 1 de Febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e deberá contar con coordinador de seguridade e saúde das mesmas.
- 10) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.
- 12) As obras deberán respectar e cumprir tódalas condicións, xerais ou particulares indicadas nos informes sectoriais que puideran obrar no expediente de tramitación.
- 13) Deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

### 3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

<u>BASE IMPOÑIBLE</u>	<u>TIPO GRAVAME</u>	<u>COTA</u>
11.904,46 €	2,3%	273,80 €

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

**5.3.-** A Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda efectuar a publicación da acta desta sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello anonimizada, substituíndo os nomes polas súas iniciais, para garantir a protección de datos e preservar a confidencialidade por non resultar absolutamente imprescindible para o fin que se pretende coa publicación.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e trinta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario